

Á ATENCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL DA XUNTA



Asunto: ALEGACIÓNS DE ADEGA Á PROPOSTA DE DECLARACIÓN DA COVA EIRÓS COMO BEN DE INTERESE CULTURAL

Dna. Virxinia Rodríguez Álvarez, con XXXXXXXX-X, en representación da Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) e en nome propio, con enderezo postal a efectos de notificación en Ronda Fontiñas, 180, Entrechán, 27002 (Lugo),

En relación á Resolución do 10 de abril de 2017, da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, pola que se incoa o procedemento para declarar ben de interese cultural coa categoría de monumento a Cova de Eirós, sita no lugar de Cancelo, na parroquia de San Cristovo de Cancelo, no termo municipal de Triacastela (Lugo), presenta as seguintes

ALEGACIÓNS

PRIMEIRA.- Sobre a categoría de Ben de Interese Cultural.

Non está suficientemente xustificado na proposta de referencia de declaración de BIC a escolla de “monumento” fronte a “xacemento arqueolóxico” como categoría do Ben de Interese Cultural. Na introdución do texto proposto de declaración recoñécese e destácase por riba doutros valores, a significación de Cova Eirós como lugar de importantes achados arqueolóxicos e paleontolóxicos ao longo de toda a cavidade, que son de especial interese científico para estudar e coñecer a evolución da historia humana, alén de constituírse esta a única cavidade galega con presenza de arte rupestre. A súa particularidade e excepcionalidade no territorio galego como lugar de especial consideración para o estudo paleontolóxico e da evolución da historia humana revela que a categoría máis acaída de Ben de Interese Cultural sería a de “xacemento ou zona arqueolóxica”, e non a de “monumento”, segundo a definición establecida no artigo 10 da Lei vixente do Patrimonio Cultural:

“d) Xacemento ou zona arqueolóxica: o lugar no que existen evidencias de bens móbiles ou inmóbiles susceptibles de seren estudados con metodoloxía arqueolóxica, de interese artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, paleontolóxico, sempre que estea relacionado coa historia humana, ou antropolóxico.”

A categoría como “monumento” parece máis acaída para “obras ou construcións”, tal e como define a actual Lei de Patrimonio Cultural, ou inmóbiles construídos polo ser humano ou de natureza artificial. Esta categoría tampouco contempla o interese paleontolóxico do ben a protexer, cando sen embargo se trata dun dos seus valores máis prezados. Cova Eirós ten sobre todo relevancia como ente de orixe natural, formación xeolóxica favorecida pola rocha calcaria, cuxas características físicas e de situación territorial determinaron a escolla como lugar de refuxio de animais ou comunidades humanas prehistóricas de especial consideración no estudo da nosa evolución. Desbotar a categoría

de “xacemento arqueolóxico” para o BIC Cova Eirós sería desprender o xacemento da súas características orixinais e físicas máis esenciais e determinantes.

SEGUNDA.- Sobre a delimitación da contorna afectada. Área de protección.

Consideramos que a delimitación de protección da contorna do xacemento é pouco ambiciosa e que, en gran parte, obedece ou está definida conforme aos actuais intereses da explotación mineira de Cementos Cosmos, no canto de basearse en criterios científicos, de interese público, ou destinados a garantir a protección duns valores patrimoniais de extraordinaria excepcionalidade.

A proposta da Xunta de delimitación do perímetro de protección do BIC configúrase a partir da actual alteración da contorna do xacemento condicionada pola actividade da canteira dos últimos anos e que, na ladeira sur desfixo totalmente o monte ata a actual pista mineira, a uns 8 metros da cavidade; mentres que a ladeira norte, onde se atopa a boca da cova, se mantivo mellor conservada onde aínda permanece bosque autóctono. Esta proposta da Xunta, ademais, está a desbotar de forma indirecta calquera acción ou medida destinada a recuperar ou rexenerar no presente e no futuro máis inmediato o estado natural da contorna do xacemento hoxe degradada pola actividade mineira. Por tanto, esta proposta de delimitación parte xa duns criterios errados e inxustificables. Non se debe conservar só o “fundamental”, como se expón na proposta da Xunta, nin se debe recuperar a contorna só “logo de que remate a vida da canteira” senón que se deberían promover desde xa todas as medidas de protección ou de cautela oportunas que garantan a estabilidade e integridade da cova para e permitan a progresiva recuperación da súa paisaxe natural.

A este respecto, resulta especialmente insuficiente a delimitación da ladeira sur do xacemento, onde só se contempla unha área de protección de 50 metros ao xacemento. Aínda que a maior parte dos elementos de carácter arqueolóxico se atopan na ladeira norte, debemos incidir en que ao longo de toda a cavidade se atopan gravados e pinturas rupestres que corren o risco de ser alterados ou danados ante calquera vibración ou intervención que se produza no terreo que a rodea. Baste recordar o impacto que sufriu a cavidade en 2014, tras a eliminación da cobertura vexetal do seu teito autorizada pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, que favoreceu as filtracións de auga no seu interior e, por tanto, o seu desgaste, deixando a cova nunha situación de perigo e maior inestabilidade fronte a acción de axentes externos.

Para evitar que no futuro se produzan situacións deste tipo, cómpre ser máis ambiciosos na delimitación sur do xacemento, aumentando como mínimo en 200 metros a área de protección, que é a distancia mínima contemplada pola normativa vixente á hora de delimitar o perímetro de protección para este tipo de xacementos, conteñan ou non manifestacións de arte rupestre. Dada a relevancia paleontolóxica, arqueolóxica e patrimonial da Cova Eirós, -única caverna galega onde ademais está constatada a presenza de arte rupestre-, e dado o risco evidente que supón para a súa integridade o desenvolvemento da actividade mineira inmediatamente ao seu carón, semella máis que atinado e aconsellable que a Xunta dispoña as máximas cautelas para garantir a protección da cavidade e dos seus arredores para o presente e para o futuro.

TERCEIRA.- Sobre a delimitación da contorna afectada. Área de amortecemento.

Malia a que a Xunta propón unha área de amortecemento cara ao sur do xacemento, esta só sería de aplicación “logo do abandono da explotación mineira”, en datas que ademais non se concretan, polo que nesa zona non se aplicaría ningunha medida de amortecemento de impacto nin de cautela mentres a actividade mineira permanecese, de xeito indefinido na zona, quedando unicamente á vontade da empresa mineira o momento de adopción ou establecemento de medidas de protección e/ou amortecemento en dita área. A xulgar pola importancia incontestable do xacemento, recoñecida no

texto pola propia Administración pública, non é de recibo que a preservación da súa contorna máis inmediata quede subordinada unicamente ao intereses dunha explotación mineira que ademais ten un carácter privado.

Pola contra, consideramos que a área de amortecemento debe ter aplicación desde o mesmo momento en que se aprobe a declaración ca Cova Eirós como Ben de Interese Cultural, xa que ha de facerse notar que calquera transformación nesa área ou zona de amortecemento pode moi ben producirse antes, e non só “logo do abandono da explotación”, como di a resolución. Por tanto, a zona de amortecemento debera servir para evitar desde xa que calquera actividade nela realizada poida poñer en perigo a estabilidade e integridade da Cova Eirós, sendo especialmente preocupante a actividade que puidese derivarse da explotación mineira na zona. Por tanto, esta resolución debera impedir na zona de amortecemento cando menos a intervención directa da actividade mineira, e especialmente, o uso de explosivos ou voaduras, cuxas ondas expansivas poderían provocar consecuencias drásticas sobre a estrutura e estabilidade do xacemento.

Por outra parte, hai que ter en conta que na zona delimitada como de amortecemento atópanse outras dúas covas que forman parte do conxunto arqueolóxico de Cova Eirós. As Covas da Cabaxa e da Graxeira están incluídas no Inventario de Xacementos Arqueolóxicos e, segundo un informe do Consello da Cultura Galega, xunto coa Cova Eirós, forman parte dunha mesma área de interese arqueolóxico. O feito de situarse a poucos metros da Cova Eirós e de non estaren aínda escavadas, confírelles un especial potencial interese científico ou de estudo de cara ao futuro, debendo ser este debidamente preservado, evitando os impactos ou danos sobre o patrimonio aínda non escavado ou pendente de investigación, garantindo que a actividade mineira ou calquera outra actividade que pretenda transformar o territorio non inflúa nin determine o seu estado de conservación. Neste senso, habería que establecer medidas específicas no plan de protección da Cova Eirós destinadas a evitar o uso de explosivos ou voaduras nas proximidades da cavidade.

CUARTA.- Sobre os riscos asociados á actividade sísmica da zona.

A Cova Eirós e a súa contorna atópanse dentro dunha área de importante actividade e incidencia sísmica, no epicentro do chamado triángulo sísmico Triacastela-Sarria-Becerreá. Sen embargo, a proposta de declaración da Cova Eirós como BIC non fai mención en ningún momento deste risco máis que probado, dado que podería ter unha incidencia directa sobre a estabilidade e integridade do elemento a protexer. Aínda que se trata dun fenómeno natural, sería necesario determinar ata que punto este tipo de acontecementos poderían incidir na degradación ou na alteración estrutural da cavidade e, no seu caso, establecer as medidas de prevención oportunas. Por tanto, consideramos que se fai preciso a elaboración dun estudo específico sobre a incidencia da actividade sísmica da zona no xacemento e nos seus arredores que, á súa vez, derive nun plan de prevención dos riscos asociados a estes eventuais episodios de tremores da terra.

Ao mesmo tempo, sería necesario determinar en que medida os efectos derivados da actividade sísmica da zona vense reforzados ou favorecidos pola actividade mineira que ten lugar ao carón da Cova, de tal xeito que o uso de explosivos ou detonacións, a apertura de fendas na rocha ou no solo, o movemento de terras, entre outras actividades da canteira, sexan factores que multipliquen os riscos e os efectos dos tremores naturais da terra sobre a cavidade a protexer. Este potencial risco acumulativo no que se interrelacionan a ameaza mineira e a sísmica, aconsella de novo establecer como mínimo unha área de protección de 200 metros na ladeira sur do xacemento, co ánimo de que, unha vez feito o estudo sísmico e se extraian conclusións sobre o seguimento da actividade mineira, se poida revisar á alza a contorna de protección para evitar ese efecto acumulativo de impactos (mineiro + sísmico).

QUINTA.- Sobre o réxime de protección e salvagarda provisional.

Neste punto, a Xunta propón que “calquera actuación que comporte a remoción de terras no xacemento arqueolóxico ou no seu contorno requirirá de autorización previa da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural”; porén, non concreta a definición de “contorno” do xacemento, se se trata só da área de protección ou tamén da área de amortecemento, ou se o concepto atinxe a outras zonas alén das anteriores. Consideramos que se debe incluír como “contorno do xacemento” a área de protección, a área de amortecemento e toda a conca visible que afecte á localización do xacemento e ao seu territorio asociado, no que se deberían engadir outros elementos patrimoniais de especial relevancia cos que este xacemento está interrelacionado, como o Camiño de Santiago ou o Camiño Real.

Alén da remoción de terras, a Xunta debería estender esta cautela a calquera tipo de actuación que pretenda transformar o territorio contiguo ao xacemento ou que poida afectar tanto os valores que determinan a súa conservación como á paisaxe tradicional da zona.

Por outra banda, é imprescindible que a prohibición de usos construtivos, talas masivas de arboredo, eliminación de tocos ou repoboacións forestais con especies non autóctonas se estenda a área de amortecemento e non só a área de protección. Así mesmo, debe de engadirse a esta lista de usos prohibidos o uso de explosivos ou o emprego de detonacións nas áreas de protección e amortecemento.

SEXTA.- Sobre a interrelación da Cova Eirós con outros elementos patrimoniais significativos da contorna.

A proposta de declaración da Cova Eirós como BIC presentada pola Xunta non fai mención tan sequera a outros elementos patrimoniais de extraordinaria importancia próximos ao xacemento e que forman parte dunha mesma área de interese cultural. Alén das citadas Covas da Cabaxa e Graxeira, que posúen un interese potencial científico moi elevado, hai que ter en conta que a poucos metros da Cova Eirós discorre o Camiño francés a Santiago de Compostela, outro elemento patrimonial de elevada significación que tamén está catalogado como BIC. Por outra parte, próximo ao xacemento discorre un Camiño Real da época romana, que a día de hoxe tamén se atopa afectado pola actividade da canteira.

Cómpre analizar a Cova Eirós, non como un elemento dissociado do seu contexto territorial, senón como un elemento interrelacionado con outros entes patrimoniais de especial relevancia para a nosa historia e cultura que comparten un mesmo espazo e que engaden, non só distinción ao xacemento, senón que dotan á zona de afección dunha especial unicidade e singularidade cultural. Por tanto, sería necesario que na propia declaración de BIC se faga mención deses elementos patrimoniais que forman parte do seu contexto territorial e cos que se interrelaciona o xacemento, de forma que se favoreza a súa conexión cultural e paisaxística e a súa conectividade visual, evitando a interposición ou interrupción de obstáculos entre eles.

SÉPTIMA.- Sobre a rexeneración e rehabilitación da contorna do xacemento.

A proposta de declaración de Cova Eirós como BIC debe engadir un capítulo no que a administración pública se comprometa a favorecer e a promover medidas de recuperación da capa vexetal do teito do xacemento arqueolóxico a protexer, que foi escavado ata os 50 metros da cova, danando de forma estrepitosa a súa cobertura ou paraugas natural e favorecendo as filtracións de auga e o desgaste do interior da cavidade. É fundamental que a Administración amose a súa predisposición para sentar as bases legais que obriguen á rexeneración do teito da cova e da súa contorna, agora degradada pola actividade mineira.

No canto de claudicar ante as actuais alteracións sufridas pola contorna do xacemento por mor da actividade mineira e perpetuar para o futuro ese estado de degradación permanente, a Xunta ten a obriga de promover medidas que procuren, non só a protección do xacemento e da súa contorna tal e como están, senón que se dirixan cara á rehabilitación natural da zona de protección e de amortecemento, favorecendo a rexeneración do bosque autóctono, a recuperación dos solos eliminados e a estabilización do terreo afectado, desde o primeiro momento en que Cova Eirós sexa declarada Ben de Interese Cultural.

Por todo o exposto,

SOLICITO

-Que se teñan por presentadas estas alegacións en tempo e forma e que se admitan na totalidade dos seus termos na declaración do Ben de Interese Cultural Cova Eirós.

-Que se dea resposta formal a estas alegacións no enderezo de referencia sinalado a efectos de notificación.

En Lugo, a 2 de xuño de 2017.

Virxinia Rodríguez Álvarez